


Agora toca pór a vosa memoria a traballar . O curso pasado fixemos experimentos na clase para demostrar a flotabilidade dos obxectos, a densidade das substancias, lembrades ? Aquela xuntanza dos tres sextos na aula de 6ºA?.

Non se mesturaban! A importancia das densidades!



Agora que xa sabedes do que estamos a falar, partindo deses coñecementos previos e axudados do voso libro de texto ides ser vós os/as protagonistas ao enfrontarvos ao reto de responder ás cuestións que se vos plantexan a continuación. Son exercicios que tedes no voso libro e que podeades resolver por vós mesmos xa que o traballamos o curso pasado. Lembraede a importancia dunha boa comprensión da que sempre falamos na clase: Non se trata de ler, senón de **COMPRENDER** o que estamos a ler.

Ánimo e adiante!

a) Relaciona os conceptos da seguinte lista cun tipo de reacción química (combustión, fermentación, oxidación...)


- | | |
|--------------------|---------------------|
| carbón → | pan → |
| osíxeno → | levadura → |
| compostaxe → | combustible → |

b) Investiga o proceso de fabricación do pan e explica por que se deixa repousar a masa nun sitio cálido.

.....
.....
.....
.....
.....
.....

c). Resolve o encrucillado:

- 1.-Capacidade dun material para recuperar a súa forma despois de deformalo.
- 2.-Forma as rochas.
- 3.-O material máis fino e resistente que existe.
- 4.-Líquido escuro e viscoso do que se obteñen combustibles.
- 5.-Reacción química na que unha substancia reacciona co osíxeno.



d) Na cociña adóitanse gardar as patacas peladas nun recipiente e cubertas de auga. Explica por que.

.....
.....
.....

e) Imaxina que tes unha candeia prendida e que a cobres totalmente cun vaso. Describe que sucederá.

.....
.....
.....

f) En que consiste a reacción química chamada oxidación? É unha boa idea fabricar cubertos de ferro? E de aceiro inoxidable?

.....
.....
.....
.....

g) Que é unha combustión? Que acontece cando se queima carbón?

.....
.....
.....

h) Relaciona con frechas as palabras da primeira columna coa súa descrición na segunda columna:

Densidade	Cociente entre a masa e o volume dun obxecto.
Volume	Cantidade de materia que forma un obxecto.
Flotabilidade	Cantidade de espazo que ocupa un obxecto.
Masa	Capacidade dun obxecto de afundirse ou non nun líquido.

i) Observa as seguintes materias primas e clasifícaaas en función da súa orixe (animal, vexetal ou mineral)

Coiro:

Granito:

Seda:

Algodón:

j) Relaciona cada material coa súa propiedade principal:

Diamante	Resistencia
Plástico	Dureza
Goma	Illamento eléctrico
Aceiro	Elasticidade

k) Sabiendo que 1 L de gasolina ten unha masa de 0,68 kg, cal é a súa densidade?



Resposta:

l) Pinta en verde os materiais naturais e en vermello os artificiais:

Cerámica

Carbón

Madeira

Papel

Plástico

Vidro

La

Algodón

m) Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F):

- A evaporación é un cambio físico.
- Nas reaccións químicas, os corrosivos transfórmanse en produtos.
- A oxidación é un caso particular de combustión.
- A fermentación está causada por levaduras e, nalgúns casos, por bacterias.

n) Que construírías cun material...

...elástico?

...resistente?

...conductor da electricidade?

...illante termicamente?

Noraboa!!! Reto conseguido.